

GAMA, Manuel; DA MOTA ALVES, José; RIBEIRO MENDES, João; TEIXEIRA PEREIRA, Luís (coords.): *Peregrinações Espirituais e Turismo Sacro. Atas do I Colóquio Internacional A Religião em Movimento*, Associação de Desenvolvimento das Terras Altas do Homem, Cávado e Ave (ATAHCA), Departamento de Filosofia da Universidade do Minho, Braga, 2014, 236p.

A Universidade do Minho a través do seu Departamento de Filosofía, do Instituto de Letras e Ciências Humanas, e a Associação de Desenvolvimento das Terras Altas do Homem, Cávado e Ave, realizou o 17 de outubro de 2013 en Braga un Coloquio Internacional sobre o campo de pensamento que xira arredor das peregrinacións espirituais e o turismo sacro. As actas do coloquio recollen unha reflexión colectiva sobre o fenómeno relixioso desde dous puntos de vista: espiritual e material. A relevancia antropolóxica, social e económica da experiencia da peregrinación e o turismo sacro é a expresión máis axustada destes dous puntos de vista.

O profesor Xosé Luis Barreiro Barreiro en “Da *Inventio* do Corpo do Apóstolo á realidade dos Camiños de Peregrinación” (pp. 21-74) presenta unha fermosa reconstrución en detalle da historia das reliquias do misterioso personaxe que permanece enterrado en Santiago de Compostela: Prisciliano ou o Apóstolo Santiago? As dúbidas, incertezas e detalles histórico-arqueolóxicos da “cuestión xacobeá” abórdanse con paixón documental, tanto nos detalles da figura de Prisciliano, como nos avatares da “*inventio*” do corpo do Apóstolo e o Camiño de Santiago. Complétanse co relato da recuperación e revitalización actual do Camiño de Santiago. Remata o texto cunha serie de conclusións ordenadas na que destaca unha: malia o descoñecemento da realidade histórica profunda do acontecido (inclusive a

---

Recibido: 12/05/2015. Aceptado: 14/05/2015.

súa invención), a falta de documentación fiable sobre o traslado dos restos do Apóstolo a Santiago, e outras inseguridades xeradas por algunhas actitudes da Igrexa, é incuestionable que o Camiño de Santiago configureuse, e segue a facelo, como espazo sagrado, simbólico, polisémico, mediático e universalista.

O cóengo Emanuel Matos Silva en “Fátima: confluência de peregrinações” (pp. 76-86) comeza repasando as aparicións de Fátima e a relación do enclave co desafío evanxélico da reconstrución do home. A continuación resalta como o santuario de Fátima é un lugar de confluencia de peregrinacións espirituais, mais tamén, corporais, físicas, carnaís. Este espazo é unha especie de abeiro onde as perentorias necesidades existenciais humanas (afecto, sentido, seguridade) encontran perfecta satisfacción. Remata cunha fermosa explicación do significado profundo do camiño de peregrinación para os peregrinos, da mensaxe que envía a todos os non peregrinos.

O abade de Covadonga Juan José Tuñón Escalada en “Covadonga: confluencia de peregrinaciones (espirituales y físicas)” (pp. 88-106) analiza cales son os catro factores fundamentais que axudan a explicar o importante e progresivo papel que Covadonga desempeña como santuario de referencia nacional e internacional: o seu entorno natural privilexiado e excepcional (primeira linguaxe do santuario); a súa historia (que reúne realidade, espiritualidade e cultura); a súa espiritualidade mariana (canle de catolicidade); o feito de ser referente da identidade asturiana (imaxe promocional e atracción turística).

O cóengo José Paulo Abreu en “Onde o turista e o peregrino se encontram... –sob o olhar da TUREL” (pp. 108-122) fai, en primeiro lugar, unha breve reconstrución do concepto de “patrimonio cultural” para, a continuación, describir as potencialidades do turismo relixioso e facer unha breve descrición do patrimonio e o turismo en Portugal.

O Padre António Vaz Pinto é o autor do texto “Peregrinação interior como mística da purificação” (pp. 125-129) no que se explora a metáfora da vida como peregrinación e se fai un repertorio de consellos prácticos para o peregrino que pretenda ser cabal.

O profesor Nel Rodríguez Rial en “*Homo peregrinans* (un caso existencial)” (pp. 132-145) elabora un exercicio agudo e brillante de fenomenoloxía existencial a partir do testemuño do seu propio itinerario vital. Nun rexistro autobiográfico descarnado (nos signos da escrita), mais non nos avatares existenciais (erguidos a concepto encarnado), Rodríguez Rial expón os percorridos mentais e biográficos da súa fe atea vitalista, que se proxecta cara á filosofía (no seu sentido sapiencial) e, tamén, cara á espiritualidade (exclusivamente imanentista). Nesta meditación, que cobra for-

ma de confesión e profesión de fe filosófica, Rodríguez Rial fai gala dunha capacidade analítico-fenomenolóxica excepcional, e unha fonda vocación pola verdade da corporalidade como fonte de coñecemento habitualmente esquecida. Unha corporalidade que nos abre a dimensións do real máis cordiais e habitables.

O doutor Victorino Pérez Prieto en “A peregrinaxe, un elemento fundamental no xudeocristianismo e en tódalas as relixións. Apuntamento antropolóxico e teolóxico” (pp. 148-168) mostra que a peregrinación se configura como un elemento indispensable da civilización xudeo-cristiá e, tamén, como un aspecto orgánico de todas as relixións, de todas as experiencias relixiosas individuais e colectivas. Pérez Prieto analiza as figuras bíblicas da peregrinación, as diversas materializacións nos textos sagrados do *homo viator et peregrinus* no Antigo Testamento (de Adán a Moisés) e no Novo Testamento (Xesús de Nazaret e Paulo de Tarso). Remata poñendo de manifesto a natureza peregrina do mesmo Deus e a súa Igrexa. Conclúe que o camiño da peregrinación é un encontro cun mesmo, co mundo e co misterio.

A profesora Maria do Carmo Cardoso Mendes en “Viagens e peregrinações: os itinerários de um franciscano português” (pp. 170-190) achéganos a vida do franciscano frei Pantaleão de Aveiro grazas a unha lectura do romance histórico de Fernando Campos *A casa do Pó*. Esta biografía entre histórica e ficticia posúe un valor formativo moi importante, malia os seus límites de veracidade.

Por último, o Padre Luís Pereira en “Turismo religioso. Problemática de um encontro improvável” (pp. 192-206) elabora un mapa do panorama actual dos estudos sobre o turismo relixioso. Fai especial fincapé no feito de que malia o contexto de globalización, está a acontecer un regreso do relixioso mercé ao concepto de peregrinación como camiño de diferenza, camiño de autenticidade, experiencia polifacética. Unha plataforma relixiosa que pode lanzarnos ao ámbito da pura espiritualidade.

No apartado de “Conclusões e encerramento”, no que participan João Ribeiro Mendes, José da Mota Alves, António M. Cunha, Adolfo Mesquita Nunes, resta patente que a reflexión sobre o feito espiritual da peregrinación non é algo do que se poida prescindir no mundo actual. Pola contra, pode dar pistas para pensar a espiritualidade do home do común que na sociedade global de consumo pode converterse nun axente de desenvolvemento social e, tamén, económico e, de volta, reforzar nese compartir a súa espiritualidade e a de todos.

Miguel Ángel Martínez Quintanar